

**Procedemento para a tramitación de mobilidades de profesorado de ciclos formativos de grao superior de Formación Profesional do centro CIFP RODOLFO UCHA PIÑEIRO a través dos proxectos ERASMUS+ 2023-1-ES01-KA131-HED-000118020 e 2024-1-ES01-KA131-HED-000229211 no curso 2024-2025.**

## **1. Obxecto**

Establecer o procedemento para a tramitación de mobilidades de profesorado de ciclos formativos de grao superior de formación profesional do centro CIFP RODOLFO UCHA PIÑEIRO a través dos proxectos ERASMUS+ 2023-1-ES01-KA131-HED-000118020 e 2024-1-ES01-KA131-HED-000229211.

## **2. Requisitos das persoas solicitantes**

Poderán concorrer a esta convocatoria o persoal docente do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro vinculado a un ciclo formativo de grao superior ou un curso de especialización de Formación Profesional.

## **3. Actividades admisibles**

As actividades susceptibles de ser financiadas mediante esta convocatoria son as seguintes:

a) Mobilidades de aprendizaxe por observación (2 a 5 días), nas que as persoas participantes pasarán un período de tempo nunha organización de acollida doutro país co obxectivo de adquirir novas prácticas ou recompilar ideas mediante a observación e a interacción con homólogos, expertos ou profesionais no seu traballo cotián.

b) Mobilidades para a realización de cursos de formación (2 a 5 días), nas que as persoas participantes tomarán parte nun curso de formación impartido por profesionais cualificados, baseado nun programa de aprendizaxe predefinido e no que se favorezan as interaccións con outros participantes. Non son admisibles actividades totalmente pasivas como a asistencia a relatorios ou conferencias masivas.

## **4. Prazo de execución das mobilidades**

A data de finalización das mobilidades non poderá ser posterior á data de finalización do proxecto 2023-1-ES01-KA131-HED-000118020, o 31 de xullo de 2025.

## **5. Comisión avaliadora**

Para a selección dos participantes constituirase unha comisión avaliadora coa seguinte composición:

- Presidencia: a persoa que exerza a dirección do centro educativo ou aquela en quen delegue.
- Vogalías:
  - A persoa coordinadora de programas internacionais no centro.
  - Dous membros do equipo directivo.
- Secretaría: unha persoa do centro, que actuará con voz pero sen voto.

## **6. Criterios de selección**

---

A selección realizarase de acordo cos seguintes criterios, debidamente acreditados:

1. Antigüidade no centro (ata 4 puntos)
  - Destino provisional: 1 punto
  - Menos de 2 anos con destino definitivo: 2 puntos
  - Entre 2 e 4 anos con destino definitivo: 3 puntos
  - Máis de 4 anos con destino definitivo: 4 puntos
2. Coñecemento do idioma do país de destino ou idioma de traballo (ata 4 puntos)
  - nivel B1: 1 punto
  - nivel B2: 2 puntos
  - nivel C1: 3 puntos
  - nivel C2: 4 puntos
3. Outros méritos (ata 4 puntos)
  - Participación en programas educativos organizados pola Dirección Xeral de Formación Profesional (ata 2 puntos).
  - Participación en grupos de traballo organizados pola Consellería de Educación (ata 2 puntos): 0,25 por cada un.
  - Coordinacións e dinamizacións (ata 2 puntos): 0,25 puntos por ano.
  - Dirección, Vicedirección, Secretaría e Xefatura de estudos (ata 2 puntos): 0,5 puntos por ano.
4. Por non ter participado en mobilidades do programa Erasmus+ a partir do 1 de setembro de 2021: 2 puntos.

## **7. Criterios de desempate**

---

No caso de empate a comisión valorará o apartado da solicitude no que se describen as actividades da mobilidade e as repercusións previstas para a práctica docente do participante.

Se aínda persistise o empate, farase un sorteo para o desempate.